

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA 10/2024 DO PLENO DO MÉRCORES 10 DE OUTUBRO DE 2024

No Salón de Plenos da Casa Consistorial, ás 11:30 horas do mércores 10 de outubro de 2024 ten lugar a sesión Extraordinaria, en Primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde, FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE, do Grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, asistindo os/as concelleiros/as seguintes:

Alternativa dos Veciños

INMACULADA MANTIÑAN INSUA

ROCIO RABUÑAL BOUZAS

Partido Popular

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

CARLOS BABEITO REY

CRISTINA CASAL DIZ

OSCAR BODELO GOMEZ

MARIA ISABEL LOPEZ PEREZ

Grupo Mixto:

PATRICIA BLANCO FIDALGO-Grupo Mixto (PSdG_PSOE)

Non adscrito:

FRANCISCO BELLO HERMIDA


Non asisten:

SUSANA GUIMAREY GARCIA-Xustifica a súa ausencia

MARÍA MERCEDES CARIDAD LOPEZ-Xustifica a súa ausencia

NATALIA PATIÑO CAÑAS

Foron asistidos pola secretaria xeral, REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ. Asiste a interventora municipal



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

NOEMÍ GONZALEZ MATO.

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Aprobación definitiva da conta xeral de 2023 do Concello de Carral. Expte Tedec 2024/T017/000001

Pola secretaria procedese á lectura da proposta relacionada coa orde do día.

“Asunto: Aprobación definitiva da conta xeral 2023 do Concello de Carral

Visto que a Intervención procedeu á formación da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico 2023, xuntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo, segundo a lexislación vixente.


Logo de ver que a Intervención municipal procedeu a emitir en data 24 de xullo de 2024 o correspondente informe en relación á aprobación da Conta Xeral.

Considerando que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas desta entidade en sesión celebrada en data 28 de agosto de 2024 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2023.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 169 de data 03 de setembro de 2024 a Conta Xeral 2023 –xuntamente co informe da devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, as persoas interesadas puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Logo de ver que de conformidade co contido da certificación librada por Secretaría da Corporación, durante o prazo de exposición ao público da devandita Conta, non se presentaron alegacións. De conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPONSE A ADOPCIÓN DO Seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. -Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral 2023 aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.

Carral a inado dixitalmente na data e hora que figura na marxe

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose”


Polo Alcalde apertúrase primeiro turno de intervención e dase a palabra ó voceiro do grupo municipal do PP D. José Luis Mouriño que adianta a abastencións dos membros do seu grupo municipal , sen que se fundamente en cuestionar a fiscalización pola intervención senon en que esta conta e reflexo das decisións do equipo de goberno nas que non participan.

Sen mais intervencións procédese a votación e por maioría simple , 3 votos a favor dos /as concelleiros/as grupo municipal Alternativa dos Veciños de Carral, e 7 abstencións (5 dos/as concelleiros /as do grupo municipal do PP , 1 do grupo mixto e 1 do membro non adscrito o Pleno adoptou o seguinte **ACORDO**:

“**PRIMEIRO.** -Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2023.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral 2023 aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda.”

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo ás 11 horas e 36 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da presidenta e da secretaria, que dá fe.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Secretaría Xeral,

Rebeca Vázquez Vázquez

Vº Prace O Alcalde:

Francisco Javier Gestal Pose